

- Circular da Dirección Deportiva de 24 de xuño de 2025

CONVOCATORIA

PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA DE PONTEVEDRA (Curso 2025/2026)

A FEGATRI abre o prazo ata o 9 de xullo para solicitar praza no CGTD de Pontevedra na sección de triatlón

As prazas de TECNIFICACIÓN para nados/as no 2008, 2009, 2010 e 2011, cursando estudos de 3º ESO, 4º ESO, 1º BACH e 2º BACH, outorgan dereito a:

- Pensión completa de luns a venres
- Adestramentos e servizos médicos

As prazas de RENDEMENTO outorgan dereito a:

- Pensión completa de luns a venres (segundo os resultados deportivos)
- Adestramentos e servizos médicos

Aspectos que se terán en conta para optar a beca no CGTD:

- Expediente e traxectoria académica. Deberase xuntar copia do boletín de notas así como sinalar a cualificación media.
- Resultados deportivos en competicións oficiais Valoración da Dirección Técnica
- Valoración residencial (so renovación de prazas)

As prazas para o próximo curso teñen que solicitalas todos/as aqueles/as deportistas que desexen entrar no CGTD e os/as que xa son bolseiros na actualidade.

Enviar formulario a info@fegatri.org ata o 9 de xullo de 2025.